



BASES. I CONCURSO DE CARTEIS ESCOLARES "SOMOS BOIRO" 2024

Primeiro concurso de carteis escolares organizado polo Concello de Boiro, a Asociación Boirense de Empresarios e os Equipos de Dinamización da Lingua Galega dos centros de ensino de Boiro.

Os oito carteis gañadores protagonizarán a campaña de potenciación do consumo local da ABE na primavera 2024.

Obxectivo: Sensibilizar o alumnado da importancia do sentimento local, do que implica a posta en valor da nosa contorna.

Temática: A temática terá que ver fomento do consumo local e a posta en valor da nosa contorna, patrimonio, lingua... que achega á nosa comunidade*.

Primeiro.- Convocatoria e Categorías

Poderá participar o alumnado dos CEIP e IES do Concello de Boiro a partir dos 3 anos.

Establécense 4 categorías:

- Categoría A: entre os 3 e os 6 anos.
- Categoría B: entre os 7 e os 9 anos.
- Categoría C: entre os 10 e os 14 anos.
- Categoría D: máis de 15 anos.

Segundo.- Traballos, lugar e prazo de presentación

A temática do cartel estará relacionada coa promoción do consumo local* e o uso da lingua galega.

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008

Asociación Boirense de Empresarios

info@abe.gal 981 84 78 88 www.abe.gal



Cada alumno/a poderá participar so cun cartel que terá que levar un lema en galego.

A técnica será libre.

Para a elaboración dos traballos facilitarase unha cartolina que a persoa participante deberá entregar cubrindo no reverso os seguintes datos: nome do centro, nome e apelidos do/a alumno/a, curso, idade e teléfono de contacto do pai/nai/titor/a.

Non se permitirá a participación con carteis elaborados noutros soportes.

O prazo de presentación de traballos iniciárase o luns 11 de marzo e finalizará o luns 1 de abril de 2024.

Lugar de presentación dos carteis: Deberán entregarse, no propio centro educativo aos responsables de EDLG, na Casa da Cultura R.M.L. e nas oficinas da ABE

Terceiro.- Xurado, premios e gañadores/as

O xurado estará composto por un profesor/a de cada centro participante, un técnico do departamento de Educación/Cultura do Concello de Boiro, a concelleira de Educación e/ou Cultura do Concello de Boiro e un/ha representante da ABE.

Elixiranse 8 traballos que terán como premio ser os protagonistas da campaña de promoción do consumo local da ABE na primavera 2024, aparecendo os carteis, o nome dos/as autores/as e os centros de procedencia nas 45 pancartas que se colocaran nos farois da rúa peonil e 2 lonas de 20 metros cadrados colocadas na fachada da Casa Consistorial.

Ademais, cada autor/a recibirá un BONO ABE por valor de 30 euros para empregar, sen caducidade, en calquera dos máis de 200 negocios asociados da

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008

Asociación Boirense de Empresarios

info@abe.gal 981 84 78 88 www.abe.gal



ABE. Os premios só serán válidos en vales de compra, non se poderán trocar por diñeiro en efectivo.

O xurado, unha vez seleccionados os traballos premiados, dará a coñecer os resultados do concurso a través da páxina web da ABE, do Concello de Boiro e a través da comunicación aos centros.

Cuarto.- Entrega de premios

Os/as gañadores/as serán citados/as para a entrega de premios a través do teléfono de contacto indicado no reverso do cartel.

Quinto.- Aceptación das bases

A participación no concurso implica a aceptación, sen reserva, das presentes bases. Así mesmo, os/as gañadores/as, aceptan a publicación e difusión da obra, a súa imaxe, o nome e idade, curso e nome do centro educativo, nas distintas canles de comunicación tanto dixitais como analóxicas do Concello de Boiro e a ABE relativas ás campañas para fomentar o consumo local e o uso da lingua galega.

*achéganse ideas, non excluíntes, sobre a temática do concurso:

Somos Boiro...

- Porque todos xuntos e xuntas medramos
- Porque o noso comercio e a nosa lingua son nosas
- Porque as nosas rúas teñen vida

Exemplos da campaña anterior da ABE:

- Porque son profesionais e ofrecen asesoramento especializado
- Porque cos negocios abertos Boiro é seguro, luminoso e ten máis vida
- Porque os produtos son frescos e de tempada
- Porque xeran emprego e nos dan a posibilidade de que poidamos vivir e traballar no pobo.
- Porque mercando en Boiro contribúes á prosperidade económica dos teus veciños/as.
- Porque aforras tempo e podes dedicarllo aos que máis queres.
- Porque contamos con artigos especializados que aportan exclusividade.

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008

Asociación Boirense de Empresarios

info@abe.gal 981 84 78 88 www.abe.gal